

3. LIGA 2ª DIVISIÓN SÉNIOR MASCULINA

3.1. EQUIPOS PARTICIPANTES.

Este grupo estará formado por 16 equipos da comunidade autónoma galega e que serán os seguintes:

- Equipos descendidos da Primeira División Sénior Masculina «Grupo A» da temporada anterior.
- Equipos participantes na Liga 2ª División Masculina na tempada anterior, non descendidos.
- Equipos ascendidos á Liga 2ª División Masculina na tempada anterior de acordo coas normas específicas desa competición.

3.2. DATA DE INSCRICIÓN DE EQUIPOS

Data tope de inscrición: 28 de xullo ás 13.00 hrs.

Todos os clubs que se inscriban nesta categoría, deberán ter inscrito ou vinculado un equipo Júnior Masculino.

3.3. XOGADORES.

A data límite para dar de alta a xogadores nesta categoría será a do 28 de febreiro do 2017. O número de licenzas para esta categoría será dun mínimo de 8 e dun máximo de 12.

3.4. ARBITRAXES

As arbitaxes serán AUTONÓMICAS.

3.5. FORMA DE XOGO

Os equipos repartiranse en dous grupos de 8 equipos cada un, distribuídos por proximidade xeográfica a criterio do Comité de Actividades da FGB.

En casos específicos será potestade do Comité de Actividades da FGB designar as prazas non cubertas unha vez rematado o prazo de inscrición formal.

No caso de que a cifra dos equipos inscritos sexa inferior a 24, o Comité de Actividades propondrá a Comisión Delegada o número de descensos.

Primeira Fase:

Os 16 equipos se dividirán en dous grupos de oito equipos cada un (Norte e Sur) distribuídos por proximidade xeográfica (14 xornadas).

Segunda Fase:

Os equipos clasificados do 1º ó 4º de cada un dos grupos formarán o grupo A-1 e os clasificados do 5º ó 8º conformarán o A-2. Ambos grupos xogarán por sistema

olímpico (valendo os resultados da primeira fase) (8 xornadas).

3.6. ASCENSOS E DESCENSOS

Ascenderán a 1ª División Sénior Masculina os dous primeiros equipos clasificados do grupo A-1.

Descenderá a Liga de 3ª División Sénior Masculina o equipo clasificado no posto 8º do grupo A-2, e o 7º si descendese un equipo máis da 1ª División Masculina, e así sucesivamente se os descendidos fosen máis.

En caso de producirse ascensos, descensos ou renuncias estas cubriranse seguindo a orde establecida no artigo 125 do Regulamento Xeral da FGB.

Se unha vez comezada a competición se retirase algún equipo ou fose descalificado pola FGB, cubrirá unha das prazas de descenso.

3.7. DATAS DE XOGO

Fins de semana correspondentes ás seguintes datas:

Outubro: 23, 30

Novembro: 6, 13, 20, 27

Decembro: 11, 18

Xaneiro: 15, 22, 29

Febreiro: 5, 12, 19

Marzo: 5, 12, 19, 26

Abril: 2, 9, 23, 30

3.8. DATAS DE SORTEOS

Sorteo Primeira Fase: 12 de setembro ás 17.30 horas na sede central da FGB.

3.9. HORARIO DE XOGO

Os encontros terán que disputarse nos seguintes horarios:

Sábado: 16.00, 18.00 e 20.00 hrs e domingos: 10.00 e 12.00 horas e 17.00 h. e 19:00 h. Sempre que o equipo local fixe como horario de xogo ás 10.00, e o equipo visitante así o requira terá que fixarse como horario de xogo o sábado as 16.00, 18.00 ou 20.00

e o domingo ás 12.00 ou 17.00 e 19.00 hrs., sempre que o equipo que se despraza o fai dende máis de 100 km. por traxecto”.

O Comité de Actividades da FGB poderá fixar o horario das dúas derradeiras xornadas daqueles encontros que poidan influír na clasificación.

Modificacións de data, campo ou horario:

Obxecto Modificación	Prazo Recepción	Conformidade	Cota
Data	Antes 1 mes	Si	00,00
Campo	Antes 1 mes	Non	00,00
Hora	Antes 1 mes	Non	00,00
Data	Antes 15 días	Si	00,00
Campo	Antes 15 días	Non	00,00
Hora	Antes 15 días	Si	00,00
Data	Antes 9 días	Si	75,00
Campo	Antes 9 días	Si	75,00
Hora	Antes 9 días	Si	75,00

Excepcionalmente e por causas de forza maior, a xuízo fundamentado do Comité de Actividades da FGB, este poderá autorizar algunha solicitude fóra dos prazos sinalados, sendo requisito indispensable para a súa consideración recibir na FGB o día da petición a cota de 100,00 euros e a conformidade do equipo contrario.

3.10. TERREO DE XOGO.

Cada club participante deberá contar cun terreo de xogo oficial, que estea catalogado como NIVEL 1 dentro da Normativa de Terreos de Xogo. Non se admitirán en competicións aqueles equipos que na súa folla de inscrición non o fagan constar.

Nos encontros nos que participen equipos que realicen desprazamentos e en caso de suspensión do mesmo por inclemencia atmosférica ou por calquera outra causa, este deberá celebrarse, obrigatoriamente, dentro das dúas horas seguintes á marcada para o seu comezo. Así mesmo se un club ofrece como cancha reserva de Nivel 1 para casos de inclemencia atmosférica, o partido deberá disputarse dentro do prazo sinalado anteriormente. Se finalmente e por falta de previsión do equipo local tivese que suspenderse definitivamente o encontro, o equipo local perderá este sen descontárselle puntos na clasificación e sen que se considere incomparecencia.

A FGB recomenda a todos os clubs que sexan propietarios de terreos de xogo cubertos e pechados que, dentro das súas posibilidades, utilicen nos mesmos canastras de pé, así como que teñan reposto de taboleiros para o caso de rotura accidental.

Os clubs deberán cumprir as prescricións previstas pola lexislación vixente no referente á prevención da Violencia nos Espectáculos Deportivos e serán os responsables da seguridade de xogadores/as e árbitros no que respecta as instalacións deportivas, poñendo os medios necesarios para evitar accidentes extradeportivos no transcurso da actividade.

3.11. BALÓN OFICIAL DE XOGO.

O balón oficial de xogo para esta categoría será de coiro da marca MOLTEN masculino. Non empregar o balón oficial levará consigo a sanción prevista no regulamente disciplinario.

3.12. OBRIGAS ESPECÍFICAS

• COMUNICACIÓN DE RESULTADOS

O árbitro principal e o club local están obrigados a introducir o resultado o mesmo día do encontro na oficina Web de árbitros ou clubs, segundo sexa o caso:

<https://intrafeb.feb.es/OficinaWebArbitro/index.aspx>

<https://intrafeb.feb.es/OficinaWebClub/>

• GRABACION DOS ENCONTROS

O Comité de Árbitros da FGB solicitará cun mínimo de 10 días de antelación á celebración do encontro, a copia da gravación do partido que poderá ser entregado en DVD ou en calquera outro formato dixital tipo Wetransfer ou Dropbox, ata un máximo de TRES gravacións por temporada.

Esta filmación deberá incorporar integramente as imaxes e son do encontro, dende tres minutos antes do comezo do partido ata a retirada dos equipos e árbitros aos vestiarios, ao final do mesmo. No en tanto, é recomendable que a gravación se inicie dende a chegada dos árbitros ao terreo de xogo (20 minutos antes do comezo do partido).

As imaxes e son deberán ter a calidade suficiente para que este poida ser visto de xeito correcto. En caso de non ser así, non será considerado como válido e requirirase ao club para unha nova gravación dun encontro diferente. Se esta anomalía se volve a repetir sería considerado como incumprimento das condicións indicadas neste artigo.

Será remitido ao CGAB, Estadio San Lázaro, porta 14 de Santiago; por mail a arbitros@fegaba.com; ou ben a través das súas delegacións, no transcurso dos 8 días seguintes ao encontro.

Non enviar a gravación nas condicións indicadas neste artigo, suporá unha sanción por parte do Comité Disciplinario.

3.13. RECOMENDACIONES

Recoméndase a todos os clubs que fagan constar ao dorso da camiseta de cada xogador o seu nome en caracteres de cinco centímetros.